

## Ledicia Costas, breve (auto)biografía



<http://www.scenicrights.com/>

Nacín unha tarde de setembro. De pequena o que máis me gustaba era ler, arrincarlle os cables ás bonecas, comer chocolate e visitar cemiterios. Estudei Dereito e exercín uns anos como avogada, pero desde hai xa tempo dedícome por completo á literatura, cousa que me fai moi feliz. Sigo visitando cemiterios, todos os que podo. Teño ducias de fotos en cemiterios de distintos lugares do mundo. Gústame as historias de meigas, pantasmas e mortos. Son unha lectora apaixonada. Non sei cantas historias me quedan por escribir. Agardo que varias ducias. As mellores historias son as que se

escriben coa cabeza pero, sobre todo, co corazón.

### Obra salientábel:

A súa primeira novela publicada foi *Unha estrela no vento* (Edicións Xerais 2000), libro que escribiu cando era unha adolescente.

Nos últimos anos recibí importantes recoñecementos, coma o Premio Merlín de literatura infantil, pola súa obra *Escarlatina, a cocinheira defunta*. Por ese mesmo libro, o Ministerio de Cultura concedeuulle o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil no ano 2015.

Traducida a linguas coma o coreano, o persa ou o portugués, *Escarlatina, a cocinheira defunta* tivo unha grande acollida polo público infantil. Foi cualificada coma unha obra “extraordinaria, humorística e rompedora, que destaca pola súa sinxela lectura, humor arripiante e con grande habilidade para desmitificar o tema da morte”.

Coa novela de aventuras *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta* conseguiu o Premio Lazarillo de creación literaria do 2015. No 2017 volveu ganar ese mesmo premio coa novela *A balada dos unicornios*, converténdose na única autora galega en lograr en dúas ocasións este galardón.

O seu libro de relatos sobre a II Guerra Mundial *Un animal chamado néboa*, recibiu por unanimidade o Premio Losada Diéguez de creación literaria 2016. O xurado destacou que o conxunto de relatos que configuran esta obra «conseguen demostrar a condición global da memoria dos traumas da nosa historia recente, grazas a un hábil manexo de innumerables fontes documentais», incidindo no



feito de que a autora «ofrécenos unha crónica do mellor e do peor da condición humana».

No ano 2019 publica *Infamia*, novela que ten unha gran recepción entre o público adulto. Actualmente vai pola sétima edición e foi o libro máis lido nos clubs de lectura de Galicia da ESO no curso 2019-2020.

Recibiu o Premio da Cultura de Galicia de Creación Literaria no ano 2020 pola súa traxectoria.

A súa última achega literaria, polo de agora, foi *Golpes de luz* (2021).

<https://lediciacostas.com/gl/sobre-min/>  
<https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/ledicia-costas>



## Golpes de luz: O Club de Lectura opina

*Luz non é unha avoa como as demais, pero ten algo en común con todas as avoas do mundo: son consentidoras de nenos, permítenlles a eles o que non lles deixaban facer aos seus fillos. E a complicidade entre eles é enorme. Resulta tremendamente tenro ver como a avoa se volve unha nena máis, unha vez vello, dúas veces neno ata compartiren falcatruadas. Talvez por iso Sebas non pode comprender a traizón de Luz cando o veciño os colle dentro da súa propiedade.*

Uxía Nogueira

*Entre risas e golpes de martelo, a familia da avoa Luz fixome recordar os tempos da infancia, as responsabilidades de adulto das que sempre intentei escapar e a dor de afrontar pantasmas do pasado.*

Lucas Fernández

*Golpes de Luz é un thriller cun forte compoñente social narrado por tres xeracións con diferentes formas de entender o mundo polas súas circunstancias vitais e a súa idade.*

*A lectora queda atrapada dende que descobre a querenza da avoa Thor polo seu martelo. Que hai detrás dese martelo? Demencia? Ou algo máis? As ganas de saber máis incrementáanse cando entra en xogo o tema do narcotráfico galego, non hai volta atrás, xa non poderás parar de ler ata descubrir o segredo que gardan as letras de Ledicia.*

Alba Payo

*Luz marca o ritmo desta trama grazas ao seu fiel compañeiro: o martelo.*

*Todo flúe nesa soidade escollida, ou quizais non, pola protagonista. Porén, esta rómpese coa chegada dunha pantasma masculina personificada na súa filla. Este feito desencadea unha tensión entre elas, que só se verá mitigada polas aventuras dos máis novos desta historia.*

*Ledicia Costas debuxa unha muller que ben podería ser calquera das nosas avoas, unha “animaliña” desbordante debido aos seus actos e ás súas expresións. Sen dúbida, as risas están aseguradas. E todo isto, acompañado da voz crítica de Xulia e a mirada inocente do cativo Sebas. Misterio e nostalgia tinguen esta viaxe ao pasado que merece a pena ler.*

Adriana Iglesias





*Describe a volta ao fogar de Xulia, onde sempre estivo a súa nai Luz. Ela vive rodeada de recordos e segredos. Coa volta, pretende crear un novo lar para o seu fillo Sebas. Un neno sensible, imaxinativo e que normaliza o insólito con mestría.*

*No presente do relato, o pasado é o protagonista. A realidade non é algo concreto, está chea de capas e individualidades. Retrato denso e profundo dunha familia na que o lector pasa a formar parte.*

María Armada

*Deste libro chamoume a atención a técnica narrativa a tres voces que serve para facer avanzar a acción con bastante lixeireza. Tamén introduce matices de perspectiva persoal e de franxas de idade: gustoume a reinterpretación mitolóxica da realidade que facían os rapaces. Para min tamén era recoñecible o ambiente da vida do Arxentino por ter vivido eu casos semellantes en tempos idos.*

Servando Lois



Para saber máis:  
<https://www.cultura.gal/gl/ledicia-costas>  
<https://praza.gal/cultura/en-infamia-hai-unha-sociedade-enferma-pero-non-mais-que-a-nosa-que-e-profundamente-violenta>



O noso poder como lectores é universal e universalmente temido [Roberto Mangabeira]

# A marela tarabela

Nº 31

Maio-2022

Boletín da Biblioteca “Mario Pereira” do Instituto “Ramón M<sup>a</sup> Aller Ulloa”

## Golpes de luz

A anfiboloxía, isto é, o dobre sentido que atesouran palabras ou enunciados, é un recurso que, en ocasións, resulta moi rendible na literatura, como tamén o é recorrer aos contrastes: esas luces e as sombras que poboan, desde o título ata o desenvolvemento argumental, os Golpes de luz, de Ledicia Costas: unha das voces máis poderosas deste ano, como se desprende do seu brillante percorrido, coroado hai pouco coa obtención do Premio Merlín de Literatura Xuvenil.

Estas páxinas abrazan esa querenza pola ambigüidade ou pola consciente imprecisión —de mans dadas cunha moi atinada distribución de voces narrativas, solidamente construídas— para revelarnos, coma se todo fose iluminándose devagar, a dinámica que adquiren un monlo de conflitos asentados nun triángulo luminoso da man de Luz —unha muller anciá marcada pola traxedia e polo instinto de supervivencia, dona dunha marabillosa desinhibición natural e caracterizada por un idiolecto propio que considero un achado—, da súa filla Xulia e do seu neto Sebas.

É este un libro que rabuña na memoria para proxectarse no presente. Nel Costas sabe introducir con habelencia tanto as incógnitas ou enigmas que se resoven de maneira pouco previsible como as doses de humor que, dalgún xeito, contrastan e equilibran a irrefutable congoxa que xeran pasaxes como aquelas nas que se acaroa ás consecuencias do narcotráfico e como este irrompeu nos anos noventa para esnaquizar as contornas familiares. E neste ronsel non esquece a presenza de motivos como os coitados, as marxinações, a precariedade e a conciliación laboral, as desaparicións, as actitudes hostís coas que a sociedade patriarcal castigou ás mulleres ou o acoso reflectido no protagonista máis novo.

## Esta guía

Esta guía non pretende ser unha guía exhaustiva, nin meterse en análises técnicas ou estilísticas.

Con ela só queremos facer unha serie de suxestións (prescindíbeis) para que o texto se converta nun pre-

texto para a comunicación. Comunicarse cun libro na man ou cos seus ecos na memoria...



Unha voz sinala, en certa altura da novela, que estas historias están poboadas por personaxes con almas atravesadas. Abofé: talvez pola dor e porque a vida non lles brindou outra oportunidade, malia que a esperanza e a luz tamén estean aí esperando por elas. Costas cóntanolo esplendidamente.

Ramón Nicolás

Este texto publicouse nas páxinas do suplemento *Fugas*, de *La Voz de Galicia*, o 31 de decembro de 2021, na sección “Ex umbra in solem”.



Guía de lectura [nº 19]  
Golpes de luz de Ledicia Costas



## Golpes de luz: suxestións de lectura

Primeira parte : ANIMALIÑA Luz

*Levo toda a vida escoitando cousas que non quero escoitar... Con case oitenta anos estou ata as orellas. Pásanos a todas cando empezamos a facermos maiores... Cren que teñen o ceo gañado por facerse cargo de nós...*

Desta maneira principia *Golpes de luz*. Leducia Costas, presentanos a Luz, avoa protagonista, que se sente agoniada pola excesiva preocupación da filla canto á atención e ás reprimendas que lle son dispensadas. De tal forma que cualifica a filla ou en xeral fillas que desenvolv en este rol patriarcal como *pesadísimas, non hai Deus que as ature*.

Neste capítulo, coñecemos o neto de Luz, Sebas, un rapaz que ten de se integrar no novo espazo que por circunstancias familiares lle toca vivir e que refliciona sobre a forma de ser da avoa: *A miña avoa está un pouco mal da cabeza... Mama di que somos moi afortunados por vivirmos aquí... lonxe do ruído e do tráfico de Madrid*. Así mesmo, dános información sobre os seus novos amigos: *Neste colexio novo teño dous amigos: David e Noa. David ten unha colección de cómics... Noa é das máis listas da clase...*

Xulia

Este capítulo achéganos información sobre Xulia, nai de Sebas e personaxe sometida ao coidado da nai e á educación do fillo, alén de desenvolver a súa profesión de xornalista. Sabemos a través das súas reflexións como é a personalidade do fillo: *Hai momentos en que semella tan adulto... e outros tan inmaturo para a súa idade*. Asemade Xulia analiza o seu novo status de muller separada: *Non é fácil separar o que foi a vida en común e repartir as porcións*. Por outra banda, teima en procurar da nai información sobre quen foi seu pai: *Estou tentada a preguntarlle unha vez máis polo meu pai*. Canto á súa profesión non se sente plenamente realizada: *Cando decidín estudar xornalismo, a miña idea da profesión era outra*.

Após de coñecer o protagonismo de Luz, Xulia e Sebas, a autora amósanos a trama, fiada a través do recurso do alter-nancia que vai turrando de nós para componden un crebacabezas novelado que aos poucos imos encaixando.

Luz

*Cando ves o final da vida máis preto, o tempo corre a toda velocidade. Aínda lembro como se fose onte... cando o Arxentino me colocou o anel no dedo... Moito chorei cando marchou da casa*. Luz lembra a marcha do home e o que chorou ao verse soa, o recordo lévaa a reflexionar sobre o *tempus fugit*, e a volta á normalidade das partidas de parchis coas súas amigas de sempre reflicten a fonda amizade que as unia: *un xeito de celebrar que levamos máis de cincuenta anos aturándonos*.

Sebas

*Son un ser humano dun metro e corenta e tres centímetros. Teño dereitos... Teñoos por escrito desde 1959, ano no que as Nacións Unidas fixeron pública a Declaración dos Dereitos da Infancia*. Sebas achéganos información sobre idade, estatura e dereitos, á parte de analizar con Noa e David o comportamento dos maiores: *-Pensades que a miña avoa é alcohólica? -Eu creo que o son case todos os adultos -confesa Noa-. Desertores da auga. -A xente maior fai cousas raras para chamar a atención -di Guerreiro-*.

Xulia

Xulia está ante o ordenador para pórse a traballar, mais ao final dáse conta de que *a procrastinación é o mal do século XXI*. Este feito de adiar o seu labor profesional lévaa a realizar tarefas domésticas e nesas que cavila no pai: *papá marchou xusto no medio do boom da heroína en Galicia...* Estas cavilacións retrótráena aos anos máis duros do narcotráfico e á desfeita que a droga provocou entre a mocidade e da que foron testemuña os seus ollos de nena: *vin cos meus propios ollos como se ían deteriorando a toda velocidade*. Eran os anos 80 e *nningunha nai estaba libre de que a peste entrase na súa casa*. E nesta altura foi cando o pai marchou *sen unha soa explicación*, que precisamente insiste en lle pedir á nai. Mais a nai segue coa teima de que marchou para Arxentina e que recibiu cartas del. Pero, ulás? Por tanto, a filla comeza a *pensar que toda a historia das cartas é para disfrazar a realidade*. E nestas que chega o fillo exclamando alterado: *Perseguiunos un señor, o Carniceiro*.

Sebas

*A avoa está chamando por min... Está como ida... Daquela levanta a almofada e saca o martelo que ten agochado abaixo... Mamá suspira... Sácalo o martelo da man... Ela (a avoa) dáme un bico na fronte... Tranquilo, non pasa nada...* Desde unha óptica infantil, o rapaz observa o progresivo deterioro psíquico da avoa que asocia ao seu mundo fantástico que ten como eixo o martelo da Avoa-Thor.

Luz

*Quen me dera a min ter de nena unha cazadora acolchada, co frío que pasaba. Ou unha máquina desas que conectan a televisor. Antes había que inventar todo porque non tiñamos apenas nada*. A avoa analiza as diferenzas que hai de cando nena e agora co neto, o que nos leva a preguntármonos se antano as crianzas eran máis imaxinativas que hoganó. Por parte, confesa que lle parece *precioso compartir o almorzo co neto*. Conversan ambos e no medio da conversa o neto dille: *Necesito que me contes cousas do avó. Teño que facer un traballo para o cole*. Mais a avoa descoñfa de que non sexa cousa da filla para saber sobre o pai. Con todo, respóndelle: *-Dedicábase a ir ao bar, substitúalle beber viño, e tiña a habilidade de quantemar o sangue*. O rapaz segue teimando en que lle diga a verdade, daquela a avoa sáelle con *que era coleccionista de insectos e que emigrou á Arxentina*.

Xulia

*Non sei a quen se lle ocorreu esa norma sagrada que temos que seguir as nais separadas: os teus fillos non poden verte chorar. As nais non choramos, as nais construímos diques*. Xulia refliciona sobre a súa condición de muller separada, tentando desenvolver un carácter afouto para non aparecer tristeira perante o fillo. Após diso, charla cunha amiga sobre o seu estado de ánimo e daquela sae na conversa a nova parella do seu ex: *Pero cantos anos ten? Vinte e cinco...* Séntese mal por ser unha parva ao non se ter decatado da infidelidade. Os consellos van por *empezar de novo, mais como se fai iso?* Rematada a conversa, abre o Instagram *case por inercia e aí está: An\_a\_chicapajaro*. A reacción non se fai agardar: *Síntome maior pensando que podería ser a filla de Pablo*.

E mergullada en observar a vida social da nova compañeira sentimental do seu ex, vese sorprendida pola nai que lle arrinca o móbil das mans ao que reacciona como se lle faltase parte de si mesma: *Síntome como unha adolescente de corenta e un anos*. A maiores está o problema do coidado, o que a ten atada á casa: *Deixeille caer á miña nai o de buscar unha persoa... Da posibilidade dun centro de día xa nin me atrevín a falarlle. Pensaría que a estou levando a un matadoiro de vellós*. Como se ve, resultalle complexo o feito de delegar en alguén ou nunha institución o coidado da nai. Vese entre o eixo e a roda.

Sebas

Logo de reflexionar sobre as cousas que máis e que menos lle gustan da escola, Sebas ten que afrontar a exposición do traballo sobre o avó e para iso colle na casa unha foto do que cría que era o seu avó, mais que resultaba ser a de Felipe González e cando lle explican quen é *toda a clase estoupa nunha gargallada. Todos agás Guerreiro e Noa...* E trabucado como estaba sóltalle á mestra: *-O meu avó foi presidente do Goberno...* A anécdota sérvella á mestra para lles falar de Felipe González...

Luz

A voz da nai resoa na cabeza de Luz amosándonos a demencia que está a padecer, o que a leva a lembrar épocas pasadas: *A miña nai tiña o carácter dunha pantera e o corpo dunha balea*, de aí o alcume de Animalia co que foi rebautizada e que eu herdhei, convertida en *"animalina"*.

Luz lembra, así mesmo, os seus tres anos de escolante, a rixidez do sistema e o que tiña que aprender, como *memorizar termos... A outra opción era recibir hostias ou orellas de burro*. Daquela a escolarización das rapazas era marxinal. Luz rememora tamén a educación excesivamente protectora que recibiu súa filla para, *sobre todo, protexela de seu pai*. Esta reflexión leva a que nos preguntemos que pasou realmente co pai de Xulia, compartindo con ela a necesidade de saber.

Nese momento, Sebas chega á casa e retoma o problema do traballo escolar sobre o avó, entón a avoa mostralle o álbum da voda e sente como *se lle cravases un dardo no corazón... Era tan nova e estaba tan ilusionada... e preñada. Por iso non casei de branco. Era pecado. En realidade, todo o que presta é pecado*. De novo, agroma o marxinação da muller, símbolo de todos os males. Deseguido cóntalle unha historia amable do avó que viña sendo *experto en tecidos*, o que adorna falándolle da Ruta da Seda, ao que o neto reacciona dicíndolle *sabes moito*. Mais, a avoa retrúcalle: *Son unha ignorante e que foi só tres anos á escola. Son licenciada na vida*. Co que tenta ensinarlle que a vida é unha fonte inesgotable de aprendizaxe.

Xulia

Xulia traballa nunha reportaxe sobre *o tráfico de drogas en Galicia desde os 80 ata a actualidade*. O laborioso do proxecto ten como meta resumir case corenta anos, facendo fincapé en como os rapaces se engancharon ao consumo: Chegou *un momento que en lugar de pagarlles en cartos, os narcos pagábanlles en haxix. Así é como moitos empezaron a consumir. Do haxix pasaron ás anfetaminas, das anfetanas ao LSD e, de aí, á heroína*. A medida que avanza na reportaxe lembra á época de xiringas estradas por todos os lados: *nos parques, nas portas dos colexios, nos lavadoiros, nas praias...* *Eu debía ter uns seis anos e no barrio había moitos mozos enganchados. Había semanas en que nalgunhas vilas galegas se enterraban tres ou catro mozos. E mentres aqueles rapaces se convertían en mortos viventes, os narcos estreaban coches de luxo, mercaban chales ostentosos..., recibían o abrazo e recoñecemento das vilas...* Arrepiaante descrición da lacra social que supuxo para a mocidade galega o narcotráfico.

No entanto, froito da desesperación *Nais contra a Droga fixeron saltar todo polo aire... Armábanse de pancartas...*, con lemas como: *"Están matando os nosos fillos"*... Un matriarcado que reclamaba a presenza deles: *"Onde estades, pais, pais, onde estades?" Cantos divorcios provocou a heroína?* Xulia recorda os testemuños de moitas nais, por caso, o daquela nai *que traballaba de noite para sacar cartos para a dose do seu fillo...* *Cáenme as bágoas escoitando outra muller que reproduce unha das últimas peticións do seu fillo, antes de morrer: "Non me poñas no cemiterio as flores dos esquecidos. Por favor, mamá, non quero flores de plástico na miña tumba"*.

De facto, a verdadeira revolución matriarcal estoupou no ano 1986 cando, *nunha rolda de prensa, as nais fixeron pública unha listaxe de bares de Vigo onde se vendía heroína, cocaina e haxix...* *En Galicia as vias do narcotráfico seguían abertas...* Rotunda conclusión á que chega Xulia e que nos tenta pór en alerta, en paralelo á crónica Fariña.

Sebas

*Cando hai unha emerxencia mamá transfórmase*. A análise que fai Sebas da nai vén a cont o porque a avoa desapareceu sen deixar rastro ningún. *Hai persoas que desapareceron para sempre...* *O meu avó fixo iso*. Os rapaces analizan a situación e chegan á conclusión de se non iría onda o Carniceiro *montarlle unha bulla*. Daquela Sebas acordar: *teño que dicirlllo a mamá...*

Xulia

*Vivir sen parella e ter persoas a cargo desenvolve unha especie de capacidade esaxerada de autosuficiencia*. Xaora que Xulia é consciente de que ten que asumir o liderado na familia, e sénteo sobre todo o agora tras a desaparición da nai. E na busca, observa como *a praza está chea de vellós, unha estampa de cabezas brancas e lombos encurvados*. Sen dúbida, un retrato fiel da sociedade galega nesta altura, cunha poboación envellecida. Co paso das horas, a angustia agroma en Xulia: *A idea de que a miña nai pase a noite á intemperie, perdida e desorientada, crávesame entre as costelas*. Xaora que a noite vai ser moi longa.

Luz

*-A quen se lle ocorre saír soa e meterse no monte? É a voz da conciencia da nai de Luz que agora a atormenta polo feito en si: -Déixame en paz dunha santa vez. Mareime... Debin dar un golpe na fronte... Polo menos cumprín a miña misión. Bernardo nunca máis se vai atrever a meterse co meu neto...* Fica clara a teoría dos rapaces sobre o motivo da desaparición de Luz. Co decorrer do tempo, a avoa Luz séntese perdida e desamparada: *Xulia, miña filliña... Se aparece agora, contareiche por que marchou o teu pai...* *Que tristura sinto aquí, no peito...* *Canto te quero, Sebas, meniño*. A imaxe do neto dálle folgos para resistir e ter esperanza.

Sebas

*Odio os maiores cando non nos escoitan...* A reflexión de Sebas ten que ver co feito de teimar en que *a avoa foi ver o Carniceiro*, e nin caso. Daquela, os rapaces toman a decisión de iren eles na procura da avoa: *-Avoa Thor! Berran os rapaces, asumindo o feito de Thor reencontrarse na avoa, a raiz do martelo: Entón escoitamos uns golpes... Atopámola tirada enriba dunhas silvas... Ten unha ferida... e o martelo na man. Con el golpea unha pedra grande...*

Segunda parte: O ARXENTINO

Xulia

*Cando soou o teléfono, o último que esperaba era escoitar a voz de Sebas dicíndome que atopara a a mamá...*

Unha vez na casa, a avoa comeza a falar con sinceridade: *-Atendede unha cousa: cando morra quero que me incinere-des...* Na conversa, sae o tema do pai de Xulia e entón Luz confésalle á filla que *se eu facía o que el mandaba, non había problema ningún. O teu pai necesítaba unha muller mansa a carón*. A filla, por fin, vai coñecendo realmente como era seu pai, que consideraba a muller como un ser submisivo ao varón. Após disto, cóntalle ao neto a verdade do seu traballo: *Eu pasei anos nunha fábrica de conservas. Entrabamos ás oito e saíamos á unha. E logo, de tres a oito*. Malia a evidente explotación laboral, dez horas na fábrica, era esta un saída para a muller naquel momento.

Sebas

*Atopamos a avoa no monte. Somos tres heroes. Batman, Superman e Wonder Woman... Guerreiro, Sebas e Noa...* Séntense superheroes o que se materializa no feito de Sebas concluir que xa non vai sufrir máis acoso na escola: *Por fin van deixar de chamarme Felipito...* E de que *a miña mochila sexa unha esterqueira*. Mais, *toca o timbre. Subimos as escaleiras e case caio de fociños do empurrón que me atiza Diego Puga*. Unha vez na aula, a profesora comenta que os tres foron moi valentes. *E soltouno diante de toda a clase. Nunca máis me van encher a mochila de porcalladas*. No entanto, unha vez no recreo, Sebas volve ser obxecto de acoso. Ao final, sobreponse aos insultos e agresións de Puga: *-Para, castrón! Como me volvas tocar douche unha patada nos colóns*. De novo na aula, Sebas atopa a mochila estercada de chocolate e o que máis lle doe é ver lixada a carta que lle deu seu pai o día que marcharon de Madrid. Entón, si, comezan a caerlle as bágoas.

Xulia

*Non teño nin idea de como me van recibir no bar Seco, un dos locais que Nais contra a Droga sinalou...* Xulia segue a traballar na reportaxe sobre o narcotráfico en Galicia, e unha vez no bar é recoñecida polo camarreiro, Óscar: *-Hostia, a filla do Rápido*. Xulia dille que quere falar coa súa nai, Lola. Sentan e Lola deseguida lle solta: *-O mellor que puido facer o teu pai foi liscar de aquí...* Tal reflexión leva a Lola a contarlle como morreu o seu home, vítima do que ela lle chamou *sicarios de Lucifer*. Corría o ano 1988: *Levárono da casa. Torturárono durante tres días*. O suceso tiña que ver co narcotráfico e o bar era un lugar de xuntanza ao que acudía seu pai. Óscar terza na conversa para lle recalcar: *-O teu pai non era mal fulano. Meteuse nun negocio ilegal que lle ía grande*. Deseguido, vaille contando de onde viña a droga para sentenciar que *a heroína era a droga dos pobres...*

Luz

*Nos días de sol gústame esperar por Sebas sentada diante do xardín*. E ese día ve que chega coa mochila emporcada de chocolate. As preguntas sobre o sucedido e as aclaracións de Sebas pechan o tema. Logo comeza a lle falar ao neto da súa irmá, Claudia, que morreu nun accidente. *Matouna un coche (sentenza a avoa)*. *O condutor estaba borracho*. Deseguido cóntalle que na escola *había dous nenos que lle facían a vida imposible*. Tamén lle comenta como solucionou o problema de acoso, polas bravas, tras dunha arroutada: *Agarrei un vimbio e corrinns a hostias. Nunca máis se atreveron a meterse coa miña irmá*.

Xulia

*Non me pasou a impresión da visita ao bar Seco...* Xulia ten a sensación de regresar ao pasado e os recordos de nena amoréanselle e non é quen de ordenalos coa coherencia que desexaría a fin de esclarecer o asunto da fuxida do pai que a ten certamente desacomodada. E mentres os pensamentos afloran está a carón da nai: *Estamos as dúas sentadas no sofá, vendo a televisión...*, *un xeito de acompañala*, pois non é quen de aturar os programas lixos que ve a nai. O caso é que lle comenta á nai a visita ao bar Seco, o que a leva a interrogala sobre o pai e a súa relación co narcotráfico:

-Ti entón sabías en que andaba metido.

-E logo como non o ía saber?. Eu tiña medo por ti...

-Por que razón aceptou participar nun negocio tan sucio.

Morrían rapaces todas as semanas...

-E dísmo a min! Eu sentíame como a muller do verdu-go... Eu só sei que unha noite chegou á casa cunha bolsa chea de billetes... Logo dixoo que ía facer un recado. Foi ao teu cuarto, deuche un bico e ata hoxe.

A conversa vai profundando na historia do pai ata que Luz decide dar un paso máis, ordenándolle á filla que a acompañase ao faiado. Unha vez alí, e logo de remexer o seu amosulle unha *infinidade de billetes...* *Noventa e sete millóns de pesetas...* *Cartos de heroína, os cartos que roubou papá...* Logo da sorpresa inicial, acláralle á nai que xa non teñen valor: *As pesetas deixaron de ter validez...* *Son cartos da droga...* Daquela, Xulia aproveita para pescudar de novo: *Estás segura de que papá chegou á Arxentina? Matárono, como fixeron co home de Lola, verdade?. Eu que sei filla -díme, entra saloucos*.

A posterior sensación de paz que acadada Xulia, lévaa a pensar que nesta ocasión a nai é sincera.

Xulia

Xulia toma a decisión de depositar todo ese diñeiro na comisaría, coida que é unha proba para activar unha investigación sobre a desaparición do pai: *-O meu pai, Martiño Novoa, desapareceu misteriosamente no ano mil novecentos oitenta e sete. A miña nai leva toda a vida dicindo que emigrou á Arxentina. Mais nunca a crin*. Para deseguido xustificar as súas sospeitas: *el non volveu dar sinais de vida...* E nestas que mira o móbil e ve que ten unha chamada perdida de Pablo e iso prodúcelle certo malestar. Bota contas de que ela vai quedar como *a mala desta historia* de separación.

Sebas

*É a primeira vez que me chama a orientadora do cole para falar comigo...* A problemática da educación do fillo é un elemento máis que está a contribuír á crecente tensión que sente Xulia por todo o que está a vivir. E Sebas perante a orientadora confesa que xa non pode gozar dunha *fin de semana perfecta...* *polo divorcio...* Tamén lle confesa que lle *gustaría que mamá e a avoa deixasen de discutir*. Ao final sae da entrevista coa orientadora *sen entender moi ben por que foi chamado*.

Luz

De novo resoa no subconsciente de Luz a voz crítica da nai, deixándose levar polos dixemodixomes dela, e non é que de botala fóra: *Estabas dexexando que metesen o teu home no caldeira...* Xaora que Luz vai sendo presa dunha demencia progresiva e inexorable: *A miña cabela é miña e ela ocupouna sen permiso...* *En realidade, o erro foi tan só un: casar co Arxentino. Logo pasou o que pasou*. Os axustes de contas eran constantes. A violencia ía en crescendo e Luz viuse coaccionada polas atrocidades que lle contaba o seu home para lle meter o medo no corpo, polo que nunca se atrevía *a levarlle a contraria...* *Foi mellor que o teu home marchase*. Desesperada colle o martelo e comeza a bater con el provocando un *escándalo que pon medo*. Mentres Xulia e Sebas observan pampos a escena: *os dous, nai e fillo, miránme con pena*.

Xulia

*Esta tarde chega Pablo de Madrid. Ponme moi tensa o feito de volver velo*. Fica claro que Xulia aínda non foi quen de superar o trauma da separación.

*Quedei co antigo comisario e co subinspector*. Por parte, Xulia segue coa investigación sobre a desaparición do pai. Na conversa preguntánlle pola enfermidade da nai: *Diagnosticáronlle esquizofrenia. Co tempo soboumos que non o era. Un dos médicos viu indicios claros de enfermidade mental*. Os interlocutores de Xulia conclúen que Luz tivo moita presión psicolóxica xa que *estivo casada coa man dereita dun narcotraficante. A vida non llo puxo fácil*.

Luz

*Morro por un pito. Quedeí sen tabaco e xa nin cabichas teño*. Sobre o tabaquismo, Sebas tenta saber cando levou a se enganchar a súa avoa: *Con oito ou nove...* *Levo toda a vida*. Tal é a síndrome que está a sufrir que convence a Sebas e aos seus amigos para que entren na casa do veciño na procura de tabaco, pero son descubertos montándose unha lea tremenda, e non confesando os rapaces a verdade dos feitos para protexela. E Xulia non ten máis remedio que se desculpar, sentíndose culpable ante a presenza do seu ex que vén recoller a Sebas.

Sebas

-Papá, eu non fumo.

É o primeiro que lle di Sebas ao pai para que non pense mal del aclarándolle por que entraron no predio do veciño.

O día co pai vaise desenvolvendo en harmonía. O reencontro entre pai e fillo resulta moi frutífero para ambos, mais para Sebas: *Papá axúdame a lanzar a cana...* Pescan e do feito tiran unha foto para lle mandar á nai.

Xulia

*Detesto as discusións, sexan con quen sexan*. Xulia afir ma tal por que é consciente de que non é quen de controlar se. Quizais herdou o xenio da nai.

*As nais de hoxe en día tratades os nenos coma se fosen de cristal e logo así levades as sorpresas que levades*. E dillo para ocultar que foi ela a culpable de que os nenos entrasen na propiedade do veciño.

A conversa nai-filla vai subindo de ton: *-Xamais puiden contarche un problema nin acudir a ti. Eu necesitaba unha nai e ti non estabas á altura...* *-Eu non teño a culpa de que o teu matrimonio fose ao carallo, así que deixa de pagar comigo os teus fracasos...* *Canto mellor estaba soa antes de que volveses a esta casa*. E dille tal, malia saber que a nai depende da filla para todo.

E por se fora pouco, a conversa con Pablo sobre o fillo non resulta nada gratificante: *Todo o que fas afectalle a*

## A marela tarabela

*Sebas e non parecees ser consciente...* Para rematar cunha proposta ou advertencia: *Que vaías pensando se estás disposta a compartirla a custodia de Sebas. Prefiro facer as cousas de mutuo acordo*. A reacción interioriza a Xulia: *Sebas é o centro da miña vida. Para Pablo... é moi fácil chegar aquí, logo de semanas sen aparecer, cuestionándome como nai*. Xor de con forza o problema da custodia compartida e case sempre coa agravante de seren as nais as cuestionadas como tales.

Xulia, como xornalista, comeza a sufrir ameazas relacionadas coa reportaxe sobre o narcotráfico e a procura do pai: *VAS ARDER PUTA*, esta é a pintada que percorre o seu coche. *Que barato lles sae aos homes chamarnos putas ás mulleres. Que facilidade teñen para poñernos esa etiqueta. Desde nenas. A todas nos chamaron puta algunha vez. E non existe o equivalente, iso fainos vulnerables*. A reacción de Xulia lévaa a cavilar na marxinação da muller pero tamén a ser consciente do perigo que corre ela e quizais o fillo.

Luz

*Hoxe fago oitenta anos. Pregúntome canto o tempo me queda...* Luz é consciente de que se atopa na fase final do seu periplo vital, o que incide na fugacidade da vida. Os pensamentos atormentána coa posibilidade de que a leven a *un deses cemiterios de vellós*, como lle chama ela aos asilos ou eufemisticamente residencias da terceira idade. E o mero feito de pensalo pona fóra de si.

Xulia

*Sebas marchou moi contento a pasar a segunda fin de semana co seu pai*. Unha forma de desconectar para a Sebas respecto do ambiente da casa, asente Xulia. Alén diso, sente que non é quen de xestionar as crises da nai. Colle folgos e móstralle a foto do coche coa pintada, o que vai desencadear por fin a verdade do acaecido hai anos co pai:

*-Só quero saber que pasou co meu pai. Levas décadas protexéndoo. -Se hai algún a quen eu protexín foi a ti. Puxen a túa vida por diante da miña...*

*-Cando o meu pai marchou, tamén quedei sen nai. En realidade é coma se quedase orfa...*

*Daquela, saca unha bolsa negra que está chea de po. Ábrea e colle dúas pas. Achégame unha e díme:*

*-Temos que cavar*.

O capítulo remata dun xeito intrigante. Cavar! Onde? Para que? Que quere amosar Luz?

Xulia

*A realidade é que non tiñas unha soa amiga porque eras a filla do narcotraficante...* Xulia reconece que *de feito non comprendeu o que significaba a palabra 'amar' ata que naceu Sebas*.

Xulia observa como a nai se aferra *ao seu martelo coma se fose o seu Deus e eu non entendo esa fixación cun obxecto tan absurdo*. Entón a nai fai confesión, mentres Xulia, co corazón nun puño, cava con saña:

*-O teu pai era violento. A primeira vez que me zoscou foi antes de naceres ti. Pouco despois de casar. Cruzoume a cara por mor dunhas fanecas. Esquecín botarlles sal... Respectou a época en que estaba embarazada de ti...* *Tan pronto naciches todo se esfarelou...* *Estaba esa, cun bebé ao que criar e cun home que me odiaba. Que podía facer? Que querías que che dixese? Que tiñas un pai maltratador. Iso non é protexer unha filla. Quxixen evitarche ese sufrimento*.

*-Mamá, ti algunha vez quixeches a papá?*

*-Eu xa tiña unha idade. Ou atópaba un mozo ou xa ningún home miraría para min...* *As solteiras estaban moi mal vistas. Xa non che digo as separadas coma ti. Iso era peor que a peste*.

Agroma a tremenda desigualdade es na que vivían as mulleres naquela altura, debido ao papel de procreadoras que tiñan reservado na sociedade e ao vínculo de submisión eterno co varón.

*-Cando fixen corenta anos, rompeume unha costela dunha patada. Puxen un vestido precioso de flores azuis. Era sábado e había festa...* *Creo que foi un amigo del que me comentou algo ao oído. Cando chegamos á casa dixoo que me ía matar. E case o fai*.

*-Levas toda a vida mentíndome...*

*-Pois agora vas escoitar a verdade. Aquela noite agarraute polo pelo porque non quixeches darlle un bico de boas noites. E non me estraña, estaba bébedo. Arrastroute desde o cuarto de baño ata o salón...* *Era a primeira vez que se atrevía contigo...* *Arrincauche a blusa...* *Tiven que plantarlle cara...* *O martelo estaba enriba da mesa do salón...* *Non tiven moito que pensar...* *Así que agarrei o martelo e ensafreillo no cranio. Golpeino ata que llo desfixen...* *Hai homes que violan as fillas. Tiña tanto medo...* *Cavei o burato e chimpano dentro. Tardéi tres horas en rematar...*

*-O meu pai é un esqueleto no fondo do xardín...* *Ela solta o martelo e deixámolo caer ao fondo...* *Entón abrázoa, como non a abraçei xamais...* *Chora ata baleirarse...* *Agora son eu a leoa...*

Co martelo no foxo, os terribles pesadelos semellan rematar. A xustiza pola man rosaliána cumpríuse. Nai e filla senten un calafrío liberador, que nos pon en alerta sobre a sistemática violencia de xénero o que segue incrustada na sociedade. E acordamos que o martelo simboliza autodefensa e os golpes de luz co martelo simbolizan asemade os golpes de Luz que axustizan.

Sebas

*Papá regaloume unha bici...* Un espléndido galano que busca gañarse o fillo ante un posible conflito pola custodia?

*O domingo cheguei á casa, despois de pasar dous días e medio con papá e a avoa non tiña o martelo*. Seica *"a avoa Luz perdeu o martelo pelexando contra unha pantasma do pasado"*. Que boa metáfora da nai para liquidar a pregunta.

Por parte, a avoa confésalle ao neto: *A túa nai e mais eu fixemos as paces...* Tamén lle comenta o da pintada no coche, que seica foi *por culpa dun artigo, pero non vai volver suceder, porque abandonou ese traballo*.

*Dentro de dezasete días chega o verán... Que bonito é ser neno. Quere quedar aquí para sempre*. Este último capítulo da novela funciona a xeito de epílogo que nos amosa o feito de que a vida, por moi revirade que sexa, segue. Ao final conclúe cunha reflexión que nos lembra que, aínda que non sempre, a mellor etapa vivencial é a infancia e que após dela batearemos coa esencia da propia vida que nesta novela nos achega